



# asociación pola defensa da ría

## A APDR ALEGA CONTRA A REVISIÓN DA AAI DE ENCE

A “Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra” (APDR) vén de presentar alegacións á revisión da Autorización Ambiental Integrada (AAI) de ENCE, un procedemento que a APDR considera irregular por tratarse da revisión dunha AAI concedida no seu día sen conformidade coa lexislación de aplicación.

Son moitas as contradicións existentes entre o recollido na AAI outorgada a ENCE e os datos que a empresa presenta agora na Memoria-solicitud da súa revisión, unha situación que por si mesma debería levar á Consellería de Medio Ambiente a invalidar o procedemento. De acordo co recollido nesta Memoria, ENCE ten introducido modificacións no proceso de fabricación desde que foi aprobada a renovación da AAI, un comportamento que supón un claro incumprimento da AAI e que debería levar á Xunta a tomar medidas contra a empresa.

En calquera caso, o peso fundamental das nosas alegacións xira arredor das características do efluente final da fábrica de pasta de papel. Neste sentido, debemos indicar que a APDR mantén que non se pode obviar que as augas residuais de ENCE teñen que cumprir a Directiva 91/271/CE e que os valores límite fixados para Sólidos en Suspensión (SS), Demanda Química de Osíxeno (DQO), Demanda Bioquímica de Osíxeno (DBO), Nitróxeno (N) e Fósforo (P) na AAI non poderían superar os valores establecidos para estes parámetros na amentada Directiva europea. E aporta a APDR como Anexo ás súas alegacións, a resposta da Comisión Europea que apoia de forma clara a súa posición. A realidade é que a AAI que agora se pretende revisar, permite vertidos á Ría con valores de SS, DBO, DQO, N e P moito máis elevados do permitido pola lexislación. Na táboa que reproducimos presentamos, de forma comparada, os valores medios diarios acadados por ENCE para estes parámetros ao longo do período 2008-2016 (en negro) e os permitidos pola lexislación para cada un deles (en vermello) en función do caudal vertido. Resulta evidente a permisividade da AAI e o incumprimento da lexislación do que falamos.

Ano	Caudal (m <sup>3</sup> /día)	SS (Qg/día)	DBO (Qg/día)	DQO (Qg/día)	SS (Qg/día)	DBO (Qg/día)	DQO (Qg/día)
2008	45.596	2.406	2.237	10.275	1.596	1.140	5.700
2009	45.383	1.680	1.186	8.438	1.588	1.135	5.673
2010	45.287	2.230	1.263	8.949	1.585	1.132	5.661
2011	44.662	2.468	1.437	11.084	1.563	1.117	5.583
2012	44.173	1.757	1.315	9.371	1.546	1.104	5.522
2013	45.447	1.676	1.390	7.956	1.591	1.136	5.681
2014	45.636	1.208	852	8.471	1.597	1.141	5.705
2015	45.769	1.184	751	8.579	1.602	1.144	5.721
2016	45.383	1.680	1.186	8.438	1.588	1.136	5.673

Así as cousas, desde a APDR esiximos que a Administración galega revise a AAI no sentido de adecuar as esixencias de vertido aos valores fixados pola lexislación europea, pois só así será posíbel protexer a calidade das augas da Ría, obxectivo último da lexislación.

E, xa por último, mantemos que os valores límite asociados ás Melloras Técnicas Dispoñíbeis (MTD) respecto no que se centra a Memoria presentada por ENCE, non son de aplicación a esta



# asociación pola defensa da ría

empresa, xa que a UE resérvaoas para aquelas empresas que verten as súas augas residuais de forma directa ás augas receptoras, indicando con claridade que para aquelas empresas que -é o caso de ENCE- que verten a través dunha instalación de augas residuais urbanas, se debe aplicar os valores recollidos na Directiva 91/271/CEE.

E solicitamos que se teñan en conta as nosas alegacións, se dite resolución que anule a AAI e se revisen as condicións fixadas na mesma, adaptándoas á lexislación vixente, moi particularmente á Directiva 91/271/CEE por ser esta a que a UE reserva para os casos das fábricas de pasta de papel que non verten as súas augas residuais de forma directa no medio receptor.

P.D.- engadimos a resposta do membro da Comisión Europea Sr. Vella, presentada como Anexo nas nosas alegacións.

## ANEXO

### Preguntas parlamentarias 18 de marzo de 2016

E-000612/2016

### Respuesta del Sr. Vella en nombre de la Comisión

La Directiva 2010/75/UE, sobre las emisiones industriales (DEI)<sup>(1)</sup>, se aplica a instalaciones que realizan las actividades enumeradas en su anexo I, entre las que se incluye la producción de pasta de papel a partir de madera o de otras materias fibrosas a que se refiere el punto 6.1.a), de dicho anexo. Las instalaciones que contempla la DEI deben contar con un permiso basado en las mejores técnicas disponibles (MTD), que incluya valores límite de emisión para las sustancias contaminantes y requisitos adecuados en materia de control de emisiones.

El 30 de septiembre de 2014, la Comisión publicó las conclusiones sobre las MTD para la producción de pasta, papel y cartón<sup>(2)</sup>. En un plazo de cuatro años a partir de esa fecha, todos los permisos tendrán que incluir valores límite de emisión que garanticen que las emisiones no superan los niveles de emisión asociados a las MTD (NEA-MTD) recogidos en esas conclusiones. Uno de los NEA-MTD contemplado es la emisión de DQO (demanda química de oxígeno) al agua. Esos NEA-MTD se aplican en caso de vertido directo de aguas residuales en aguas receptoras.

**Si las aguas residuales de la fábrica de pasta de papel se vierten a través de una instalación de tratamiento de aguas residuales urbanas, se aplicarán las disposiciones de la Directiva 91/271/CE, sobre el tratamiento de las aguas residuales urbanas<sup>(3)</sup>.**

La Comisión considera que los órganos administrativos o judiciales nacionales encargados de la ejecución de las Directivas mencionadas son los principales responsables de comprobar las situaciones específicas de incumplimiento y los que disponen de los medios adecuados para resolver el problema si las preocupaciones son justificadas.

(1)

DO L 334 de 17.12.2010, p. 17.

(2)

DO L 284 de 30.9.2014, p. 76.

(3)

DO L 135 de 30.5.1991, p. 40.

Pontevedra, 24 de maio de 2018